

**a clásica**

Teatro Afundación

COMALDITO  
CONCERTO  
DE NADAL

20.30h

28.12.2021



COLABORA **Welgood**

# Maldito Concerto de Nadal

28 de decembro de 2021 · Orquesta Clásica de Vigo  
Teatro Afundación, Vigo

A Orquesta Clásica de Vigo pecha o ano 2021 no Teatro Afundación de Vigo co seu tradicional concerto de nadal. Nesta ocasión, o programa retoma o traballo cancelado o 14 de marzo de 2020 con motivo da declaración do estado de alarma. Este concertó busca recoñecer o duro traballo realizado nestes meses para manter o proxecto e, sobre todo, poñer o traballo realizado pola solista Berta Fresco no lugar que merece, por moitas complicacións que atopemos no camiño.

## Programa:

- Concerto para piano e orquestra en la menor, op. 16, de Edward Grieg
- Sinfonía en do menor n. 1, de Edward Grieg

Solista: Berta Fresco Bello

Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava

Colabora: Welgood



# Maldito Concerto de Nadal

MALDITO EDWARD GRIEG

O programa co que pechamos este ano 2021 enténdese pola relación interna entre as obras que o conforman. Nesta ocasión, o concerto co que pechamos este ciclo de “malditos”, estará adicado íntegramente ao compositor noruego Edward Grieg, do que presentaremos dúas obras que poderían ser enmarcadas de xuventude e que son representativas e testigo da súa formación clásica e demostran o seu coñecemento tanto das formas como a súa admiración dos artistas referentes no momento. Trátase, polo tanto, dunha oportunidade para abordar a obra deste compositor dende o punto de vista das grandes formas.

Por unha banda, o concerto de piano é unha das obras mestras compostas para este instrumento. Por todos é ecoñecible debido ao seu carácter enérxico no que recolle toda a tradición romántica, demostrando a súa capacidade explorar músicas de distintas procedencias no seu repertorio.

Por outra banda, a sinfonía de Grieg é unha gran descoñecida no repertorio orquestral. Trátase dun

traballo de xuventude concebido case a modo de cadros ensamblados no que se percibe o carácter exploratorio no medio, así como os exercicios cos que chega a distintos efectos, sonoridades que realizaría máis adiante e polo que sería mundialmente coñecido. Esta peza está ensombrecida posiblemente pola grandeza dos seus poemas sinfónicos e o carácter nacional da súa música como atopamos en Peer Gynt. Pese a todo, Grieg recolle e explora con éxito as posibilidades da forma sinfónica nesta obra perfectamente entrelazada co concerto de piano co que completaremos este monográfico adicado ao compositor noruego.

Paga a pena escoitar estas dúas obras xuntas para entender como este compositor traballa as formas tradicionais antes de adentrarse nas pezas teatrais que forxaron o que hoxe é o seu nome.

Manuel Martínez Torres

## Berta Fresco

Nace en Getxo (Vizcaya). Comeza os seus primeiros estudos no Conservatorio de Leioa, proseguindo o grao Superior no Conservatorio de Vitoria-Gasteiz co profesor A. Nieto, onde remata co Premio de Honra Fin de Carreira.

Realiza un posgrao de piano na Royal Academy of Music con Christopher Elton. No Conservatorio de Utrecht, e Amsterdam realiza un novo posgrao co profesor D. Kuijken, onde remata coa calificación de 10 “Cum Laude”, e onde tamén estuda clavecín con M. Visser. Recibiu clases maxistras de F. Gevers, A. Cano, J. Achúcarro, E. Jiménez, E. Kolodin, J. Wijn, A. Jazsinsky, J. Gruithuyzen, etc.

Ten sido galardonada en diversos concursos como os de Gernika, Donosti, Albacete, Lilian Davies e Else Cross, (Londres). Como concertista, ten realizado numerosos concertos dentro e fóra de España, tanto como solista coma en grupos de cámara.

No campo da música contemporánea, forma parte de diversos grupos dentro e fora de Galicia, como o Ensemble de música contemporánea do CGAC de Santiago ou o Ensemble Nordesía de Vigo, cos que participou nas Xornadas de Música Contemporánea de Vigo no MARCO, e máis recentemente no 25 aniversario da creación do Taller Instrumental do CGAC. Asimesmo é

integrante do Ensemble Kuraia de Bilbao, agrupación para a divulgación da música contemporánea, co que realiza unha intensa actividade en países como México, Perú, Italia, O Salvador e Berlín, en festivais como Málaga, Sevilla, Alicante, Tres Cantos, Quincena Musical Donostiarra, Teatros del Canal, Fundación Juan March, Centro Conde Duque, e máis recentemente como grupo elixido para o concurso do Premio Nacional de Composición da SGAE. Dende o ano 2008 é profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

## **Manuel Martínez Álvarez-Nava**

DIRECTOR TITULAR E ARTÍSTICO

Nado en Oviedo en 1957. Discípulo do mestre Alfonso Ordieres Rivero, estuda violín e viola no Conservatorio Superior de Asturias. Posteriormente amplía os seus estudos de viola con Enrique Santiago. Estuda dirección de orquestra co mestre Jacques Bodmer, discípulo do mestre Herman Scherchen.

Foi profesor violista da Orquesta Sinfónica de Asturias "Angel-Muñiz Toca" entre 1977 e 1983. Fundador, Solista e Concertino da Orquesta Universitaria de Oviedo, da que tamén foi director adxunto. Desde o curso 1983-84, é catedrático de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo e Director Titular da Orquesta Clásica de Vigo desde a súa creación en 1984.

# Maldito Concerto de Nadal

## **Violín 1**

Raquel Carrera Álvarez  
Emma Alonso Ramonet  
Ana Vaqueiro Rodríguez  
David Carvajal Rodríguez-  
Cadarso  
Daniel Cabaleiro García  
Paula Gómez Rodríguez  
Cristina Torres Martínez  
Celia González González  
Gabriel Tato González  
Clara Rodríguez Gude

## **Violín 2**

Navia Núñez González  
Juan Pérez Álvarez  
Alba Regueira Otero  
Lucía Costas Fernández  
Álvaro Pérez Bastos  
Víctor Martínez González  
Matthew Jones  
Inés Iglesias Fernández  
Isabel Zunzunegui  
Noa Martínez  
Pablo Gallardo Gallardo

## **Viola**

Óscar Expósito Rivera  
Alba Calleja Vázquez  
María Rodríguez Domínguez

## **Violoncello**

Pedro Fernández Martínez  
Elena Pintos Rodríguez  
Noa Núñez González  
Hugo Pérez Arjiz  
Claudia Carvajal  
Sara Balboa Pérez  
Iván Nogueira Martínez

## **Contrabaixo**

Gabriel Nogueira Lago  
Ana Luisa Dacosta Fernández  
Laura Dacosta Fernández

## **Frauta**

Lucía Lugrís Casares  
Fátima Domínguez Quintáns

## **Óboe**

Sofía Alejandra Domínguez Baltar  
Miguel Veloso Rodríguez-Gironés

## **Clarinete**

Javier Pousa Cabaleiro  
Raúl Martínez Temperán

## **Fagot**

Iria Pérez  
Sergio Vicente Gómez

## **Trompa**

Guillermo Núñez  
Ángela Freiría Prado  
Pablo Lareo Barcia  
Zoe Figueira Iglesias

## **Trompeta**

Jesús Tenorio del Río  
Raúl Cima

## **Trombón**

Emilio Puime Caride  
Javier Otero González

## **Percusión**

Noelia Cosque Leite  
Manuel Fernández Rodríguez  
Daniel Sanmartín Nieto  
Andrés Bernárdez

## **Solista**

Berta Fresco Bello

## **Dirixe**

Manuel Martínez Álvarez-Nava

28 de decembro de 2021

# Abónate. 2022



**ABONO  
TRES  
BUTACAS**

**a clásica**

Para tres conciertos de 2022

<https://docs.google.com/forms/d/e/IFAIpQLSfP-RDdgun9fcnxlrsl6mLouwBLQnoa5wrh8lbWVNMnLgl-zg/viewform?usp=sflink>